

Luminosas tebras

Un poemario intenso

ROMÁN RAÑA

Con *Deserto diamantino*, Xavier Rodríguez Baixeras obtivo o VIII Premio Caixanova. O dilatado prestixio do noso autor confirmase con este título antinómico: fronte á Chapada Diamantina, no estado brasileiro da Bahia, famosa pola exhuberancia das montañas, temos o deserto, o Sertão, a zona inhóspita onde só brotan herbuños. Tamén o poemario participa desta contraposición. Dividido en cinco partes, a primeira, “Regalía”, retrata o impacto da paisaxe vizosa da Chapada, a emoción que desborda o peito do poeta en versos caudalosos. Mais axiña comprobamos a dimensión simbólica destas vistas frondosas que se nos ofrecen: a vida é unha selva ubérrima, parece que nos outorga todo, mais ao adentrármonos nela descubrimos que alí tamén aniñan perigos, que a abundancia pode ser falaz, porque nos leva á perda, ao espazo desolado. Estamos, portanto, nunha viaxe ao corazón dunhas tebras luminosas.

As tres partes seguintes constitúen os espazos percorridos polo protagonista poemático através da selva de varia lección. Alí hai

unha voz perdida, a marca profundísima do amor e mais a travesía por un océano doloroso: “Goiaba podre o sol. Vento decrepito/desfai o que antes vin e me disolvo/en fume denso, abafador. Devolvo/á onda o seu estrépito”; que por último conduce ao deserto final, á reflexión aceda do presente que nos invade.

Cun informado prólogo de Luciano Rodríguez e palabras lixmiarias do propio autor, este libro breve mais fortemente intenso, está escrito en estrofas de la Torre (tres versos hendecasilabos e un

heptasilabo con rima ABBa), con forte dicción clásica, mais onde apreciamos a marca de Baudelaire, de Dante, de Curros... *Deserto diamantino* proponnos a beleza do diamante, a súa luz ofuscante que nos cega, mais tamén a afiada dureza que nos traspasa e conmove. Debaixo do deslumbrante esplendor xace unha dor. Non é outra a mensaxe desta titánica obra.

RODRÍGUEZ BAIXERAS, Xavier, *Deserto diamantino*, Ed. Pen Clube, Santiago, 2010, PVP15, 60 €

